

Promoción do alumnado:

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

Criterios de promoción:

- A promoción nos cursos de 1º, 3º e 5º da etapa de primaria será automática, tal e como establece a ORDE do 25 de xaneiro de 2022.
- O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- Cando superase todas as áreas cursadas. Tendo en conta os contidos mínimos establecidos para cada una delas.
- Se o alumnado non acada o grao óptimo dos contidos mínimos establecidos para cada área, non superando, por tanto, algunha delas, valorarase a promoción do mesmo/a en base aos seguintes principios:

- A madurez do/a alumno/: desenvolvemento acadado polo/a alumno/a na súa vertente emocional, actitudinal, de identidade propia e autonomía que necesita para continuar con

aproveitamento o proceso de ensinanza no ciclo ou etapa seguinte.

- Pode seguir con éxito o curso seguinte.
- Presenta expectativas favorables de acadar os contidos mínimos mediante a aplicación do plan de recuperación. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non conseguira curso anterior.
- A promoción beneficiará a súa evolución académica.
- A actitude e o esforzo do/a alumno/a para progresar na aprendizaxe e superar as dificultades, tendo en conta a conduta do/a alumno/a dentro e fóra da aula.
- As características, posibilidades e motivacións do alumnado en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
- Terase en conta a historia persoal e escolar do alumnado.
- A conveniencia ou non da separación do/a alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, as súas relacións, a súa personalidade...
-
- A decisión da non promoción considérase unha medida excepcional, que se tomará tras esgotar o resto de medidas ordinarias e extraordinarias para resolver as dificultades de aprendizaxe.
- Cando se aprecien nalgún/nalgunha alumno/a dificultades de aprendizaxe con alguna área avaliada negativamente, o/a titor/a ou a/o mestre/a que imparte clase nesa área, adoptará as medidas

educativas complementarias que axuden ao alumno/a a acadar os obxectivos/competencias programados ou no seu caso os contidos mínimos establecidos.

Criterios do outorgamento de mencións honoríficas

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de “Mención honorífica “ farase constar na acta de avaliación. (Artigo 5.4 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.)

Os criterios de dita excelencia merecedora do outorgamento recoñeceranse polo Claustro de profesorado no caso de:

- Obter unha media de sobresaliente ao rematar educación primaria na media total de todas as áreas cun rendemento excelente nos niveis anteriores da etapa.
- Ou, de ser o caso, obter sobresaliente ao rematar educación primaria cun progreso excepcional no último ciclo tras superar circunstancias persoais que dificultaban a súa aprendizaxe en cursos anteriores, amosando unha capacidade de superación persoal extraordinaria.